

¿Qué é unha mamografía?

É a proba máis eficaz para reducir a mortalidade por cancro de mama

Permite detectar tumores de pequeno tamaño antes de que sexan palpables e produzan síntomas

Consiste na realización de radiografías das mamas que producen unha irradiación mínima*

É unha proba que dura poucos minutos

Para obter unha boa calidade da imaxe cómpre facer unha lixeira compresión das mamas durante uns segundos. Para a maioría das mulleres esta exploración non é molesta nin dolorosa

Para poder diagnosticar tumores de pequeno tamaño, cómpre que a mamografía se repita cada dous anos

Non é unha proba definitiva, se vostede nota algún vulto ou síntoma, debe acudir ó seu médico de cabeceira

* A dose que recibe unha muller nunha exploración mamográfica equivale á dose que recibimos debido ó fondo radioactivo natural, no período dun mes

Programa galego de detección precoz do cancro de mama

Tódalas mulleres de 50 a 64 anos de idade, residentes en Galicia, están convidadas a participaren neste programa. Desde o ano 2004 as mulleres de 64 anos continúan no programa ata cumpriren os 69 anos

A participación no programa é de balde, e inclúe:

Invitación a participar no programa
cada dous anos

Cita personalizada por carta
indicando día e hora para realizar as mamografías nunha unidade do programa

Transporte en autobús
ás mulleres residentes naqueles municipios que estean a máis de 25 Km e con deficitarias vías de comunicación coa unidade de mamografía

Realización de mamografías
dúas en cada mama por persoal especializado

Avaliación de tódalas mamografías
de xeito independente, por dous radiólogos especializados

Envío do resultado
das mamografías ó domicilio por carta personalizada

Probas complementarias no PGDPCM

Cada ano a preto do 5% das mulleres exploradas cómpre realizarlles probas complementarias (outras mamografías, ecografía, biopsia...) para chegar a un diagnóstico definitivo, neste caso o programa facilita:

Cita a consulta especializada
Na mesma carta de resultados facilítase unha cita para o especialista. No caso de necesitar tratamento, este realizarase con cargo ó seguro sanitario da muller

Recollida de información de todo o proceso diagnóstico e tratamento seguido por tódalas mulleres remitidas a consulta especializada

O cancro de mama é o máis frecuente entre as mulleres galegas. A súa incidencia aumenta coa idade e é o que máis mortes produce

A Dirección Xeral da Saúde Pública da Consellería de Sanidade vén desenvolvendo desde o ano 1992 o Programa galego de detección precoz de cancro de mama (PGDPCM), coa finalidade de reduci-la mortalidade por cancro de mama nun 25% entre as mulleres ás que vai dirixido o programa. Desde o ano 2004 as mulleres de 64 anos continúan no programa ata cumpri-los 69 anos

Desde o seu inicio no noso programa diagnosticáronse máis de 2000 cancros -4 cancros por 1000 mulleres exploradas ó ano-



Teléfono de
**atención
a usuarias**

981 14 14 14

- Non recibiu a carta de citación
- Non está empadroada na súa localidade de residencia
- Cambiou de domicilio recentemente
- Pasaron máis de dous anos desde que realizou a última mamografía
- Necesita cambia-lo día ou a hora da súa cita
- Non recibiu o resultado da mamografía nun prazo de 30 días
- Necesita algunha outra información

Consulta da programación de citas por concellos

**Dirección Xeral
de Saúde Pública**

<http://dxsp.sergas.es>

Para calquera suxestión, dispón de impresos nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e nos servicios de atención ó paciente dos hospitais



Anticiparse

pode salvar vidas

XUNTA DE GALICIA

